

GUÍA DO ESTUDANTE

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

CURSO ACADÉMICO 2025-26



Rúa Benigno Ledo s/n, Campus Terra
27002 Lugo

Conserxería

Tel: 9828 23008

conserxeria.eps@usc.es

Dirección

Tel: 9828 23015

eps.secretaria.direccion@usc.es

www.usc.es/gl/centros/eps/

Síguenos nas redes sociais

 www.facebook.com/EPSLugo

 [@eps_ingenieria_lugo](https://www.instagram.com/eps_ingenieria_lugo)

Contidos

1	Persoal da EPS de Enxeñaría	1
2	Calendario Académico 2025-26	3
3	Dispensa de asistencia	5
4	Instalacións do centro e recursos materiais	6
5	Horarios do centro	8
6	Organización académica	8
7	Representación dos estudantes nos Órganos de Goberno	10
8	Biblioteca Intercentros	11
9	Medios de información	11
10	Campus Virtual	13
11	Correo institucional	13
12	Normativa de permanencia da USC	13
13	Normativa de avaliación da USC	16
14	Apoio Titorial Extraordinario	17
15	Programas de intercambio	18
16	Prácticas externas	18
17	Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM)	19
18	O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EPS de Enxeñaría	19
19	Suxestións, queixas e reclamacións	20
20	Actividades deportivas e culturais	20
21	Localización de espazos	21

1 Persoal da EPS de Enxeñaría

1.1 Equipa de dirección

A EPS de Enxeñaría conta cunha equipa de dirección formada por cinco persoas que se atopa á disposición dos/das estudantes para resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada co desenvolvemento das ensinanzas. Os seus despachos atópanse no 2º andar do Edificio Central xunto cos despachos do Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos (PTXAS).

Directora

Rosa Romero Franco (Tel: 9828 23011; epse.direccion@usc.es)

Subdirector de Prácticas Externas, Orientación Laboral e Responsable Académico de Mobilidade (RAM)

Emilio Carral Vilariño (Tel: 9828 23014; epse.orientacion@usc.es)

Subdirector de Organización Académica

Iñaki Rañó Noal (Tel: 9828 23013; epse.organizacion@usc.es)

Subdirector de Calidade

Carlos Núñez Temes (Tel: 9828 23009; epse.calidade@usc.gal)

Secretaría Académica

María José Iniesto Alba (Tel: 9828 23010; epse.secretaria@usc.es)

1.2 Coordinadores de Titulacións

Cada unha das titulacións da EPS de Enxeñaría conta cun/ha coordinador/a que está a disposición do estudantado para resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada coa titulación correspondente.

Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Santiago Lamosa Quinteiro (Tel: 9828 23111; santiago.lamosa@usc.es)

Grao en Enxeñaría Civil

Rodrigo Carballo Sánchez (Tel: 9828 23647; rodrigo.carballo@usc.es)

Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Mª Josefa Lombardero Díaz (Tel: 9828 23150; mariajosefa.lombardero@usc.es)

Grao en Paisaxe (Grao interuniversitario - UDC/USC)

Mª Isabel Iglesias Díaz (Tel: 9828 23131; mariaisabel.iglesias.diaz@usc.es)

Grao en Robótica

Roberto Iglesias Rodríguez (Tel: 9828 23234 – 9818 16429; roberto.iglesias.rodriguez@usc.es)

Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

Tomás Cuesta García (Tel: 9828 23128; tomas.cuesta@usc.es)

Máster Universitario en Enxeñaría de Montes

Ramón Alberto Díaz Varela (Tel: 9828 23300; ramon.diaz@usc.es)

Máster Universitario en Dirección de Proxectos

Martín Barrasa Rioja (Tel: 9828 23262; martin.barrasa@usc.es)

Máster Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados

Emilio Rafael Díaz Varela (Tel: 9828 23265; emilio.diaz@usc.es)

Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial

Inés Santé Riveira (Tel: 9828 23324; ines.sante@usc.es)

Máster de Formación Permanente en Producción de Leite

Javier Bueno Lema (Tel: 9828 232019; javier.bueno@usc.es)

1.3 Persoal Administrativo de apoio ao estudantado:

O horario de atención ao público do persoal administrativo da EPS de Enxeñaría é entre ás 9:00 e as 14:00 horas.

Secretaría da Dirección

Chus Varela Pulpeiro (Tel: 9828 23015; epse.secretaria.direccion@usc.es)

Xestora Académica

Noelia Alonso Suárez (Tel: 9828 23033; epse.uxcd@usc.gal)

Secretaría Administrativa

Mónica González Fontela (Tel: 9828 23016; epse.secretaria.administrativa@usc.es)

Departamentos con sede na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Rosa María Trashorras Bagueiras (Departamento de Enxeñaría Agroforestal) departamento.enxagroforestal@usc.gal

Begoña Prieto Diéguez (Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría) departamento.pvpe@usc.gal

1.4 Punto de Atención, Información e Servizos

O persoal do Punto de Atención, Información e Servizos, situado no Pavillón Central (Planta Baixa), está a disposición do alumnado para calquera dúbida ou consulta de carácter xeral persoalmente ou telefonicamente. Existe a disposición do alumnado e de toda a comunidade da EPS de Enxeñaría unha **Folla de Incidencias** mediante a cal se pode comunicar á equipa de dirección calquera tipo de incidencia que poida afectar ao correcto desenvolvemento das actividades docentes.

Contacto (Tel: 9828 23008; epse.conserxeria@usc.es)

2 Calendario Académico 2025-26

2.1 Titulacións de Grao e Máster

Nesta sección recóllense as datas máis relevantes do calendario académico 2025-26:
<https://www.usc.gal/es/calendario-academico>

Tendo en conta que existe un número máximo de convocatorias para cada materia (apartado 12.3) considérase importante resaltar a existencia dun período de renuncia en cada semestre. Pódese conceder a renuncia á convocatoria unha única vez por materia. A renuncia non xera dereitos de devolución dos prezos públicos, pero evita a perda da convocatoria correspondente.

2.1.1 Primeiro semestre

Período Lectivo: **08/09/2025 a 19/12/2025**

Datas non Lectivas:

06/10/2025 (Traslado ao luns do festivo local polo San Froilán 05/10/2025)

12/10/2025 (domingo, Día da Hispanidade)

01/11/2025 (sábado, Día de todos os Santos)

06/12/2025 (sábado, Día da Constitución)

08/12/2025 (luns, A Inmaculada Concepción)

20/12/2025 a 07/01/2026 (Nadal)

Período de Modificación de Matrícula: **do 11 ao 22 de setembro do 2025**

Período de solicitude de recoñecementos: **do 23 de xuño ao 22 de setembro do 2025**

Data límite para anulación total da matrícula: **22 de setembro do 2025**

Período de Renuncia Voluntaria á Convocatoria (unha única vez por materia en toda a titulación): **do 10 de Novembro do 2025 ao 2 de Decembro do 2025**

Renuncia defensa do TFG/TFM**: **Só é preciso renunciar na 2ª oportunidade**

2.1.2 Segundo semestre

Período Lectivo: **27/01/2026 a 15/05/2026**

Datas non Lectivas:

16 e 17 de febreiro do 2026 (luns e martes de Entroido)

19 de marzo (xoves, día de San Xosé)

Do 30 de marzo ao 3 de abril do 2026 (Semana Santa)

24/04/2026 (Traslado ao venres da festividade do centro polo Día da Terra do 22/04/2026)

01/05/2026 (venres, Día do Traballo)

Período de modificación de matrícula: **do 3 ao 10 de febreiro do 2026**

Período de solicitude de recoñecementos de materias do 2º semestre: **do 3 ao 10 de febreiro do 2026**

Período de Renuncia a Convocatoria (unha única vez por materia): **do 6 ao 27 de abril do 2026**

Período de Renuncia Defensa TFG/TFM**: **do 22 de maio ao 11 de xuño do 2026**

2.1.3 Convocatoria de setembro de TFG/TFM

Período de Renuncia Defensa TFG/TFM**: **do 17 ao 27 de xullo do 2026.**

*** No caso dos TFG/TFM soamente será preciso renunciar no caso de que se cumpran os requisitos para a defensa dos traballos, é dicir, ter todas as materias superadas nesa convocatoria. En caso de ter materias pendentes, a renuncia é automática e non se consume a convocatoria.*

2.1.4 Convocatoria fin de carreira nas titulacións de Grao e Máster

Inscrición: **coa Matrícula Ordinaria (ou prazo de modificación ata o 22/09/2025)**

Procedemento de solicitude

Electronicamente a través da Secretaría Virtual ata o 22 de setembro de 2025.

Descrición

Co obxecto de rematar anticipadamente os seus estudos, o estudantado de grao e máster poderá solicitar a inscrición para a realización da convocatoria de fin de carreira, que consiste en que os estudantes aos que lles queda unha única materia do segundo semestre ou anual (independentemente de que lles queden varias do 1º semestre) poden solicitar fin de carreira para facer o exame no prazo das materias do 1º semestre. Non se trata dunha convocatoria a maiores, é unicamente adiantar o exame de primeira oportunidade, para non ter que esperar a xuño por unha materia.

Esta convocatoria de fin de carreira concédese sempre e cando sexa a única do segundo semestre ou anual que lle falta por superar ademais do Traballo Fin de Grao ou de Máster e/ou as prácticas externas curriculares obrigatorias.

Avaliación

O calendario coas datas de exame destas materias fixarase polo centro unha vez recibidas todas as inscricións, pero sempre dentro do período ordinario de materias do primeiro semestre.

Se o/a estudante suspende esta materia na oportunidade adiantada ten que facer a recuperación no prazo normal de recuperación do 2º semestre, non pode ir á oportunidade ordinaria da materia. No caso de se solicite pero non se presente será coma se non tivese solicitado nada e poderase presentar ás dúas oportunidades no segundo semestre se así se precisa.

Custes

A inscrición na convocatoria Fin de Carreira **NON** ten custe adicional.


Máis información no apartado 14 da convocatoria de matrícula:

[Convocatoria matrícula 2025-26.pdf asinado.pdf](#)


Podes atopar toda a información sobre o período de exames en:

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-politecnica-superior-ingenieria/calendarios>

Busca por título e materia de maneira individual



Consulta do Calendario detallado de exames por titulación para descargar un arquivo único con todos os exames do título.



3 Dispensa de asistencia

Segundo o artigo 130 dos Estatutos da USC o estudantado ten o deber de asistir ás actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente.

De conformidade cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e consonte ao Regulamento de Asistencia a Clase nas Ensinanzas Oficiais de Grao e Máster da USC, sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias, os estudantes da EPS de Enxeñaría poderán solicitar a dispensa de asistencia a clase, mediante solicitude motivada e debidamente acreditada. Para cada curso académico publícase unha convocatoria de dispensa de asistencia a clase onde se definen os prazos de presentación de solicitudes que coincidirán, salvo casos excepcionais, coas dúas primeiras semanas lectivas tanto do 1º como do 2º semestre.

Pódese solicitar a dispensa polas seguintes causas:

- A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza na Escola do/da estudante. Esta circunstancia deberá estar acreditada polo servizo de saúde público.
- Embarazo de alto risco, ter menores a cargo de ata 3 anos de idade e o coidado de persoas dependentes a cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá acreditarse coa documentación oficial correspondente.
- A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia, sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial. Para acreditar esta circunstancia os traballadores por conta allea deberán aportar copia da alta no réxime Xeral da Seguridade Social, do contrato e do horario de traballo; e os traballadores autónomos copia da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, do recibo de pagamento da última cotización e do horario de traballo.
- Situación de acoso, violencia de xénero ou similar, así como supostos de adopción de medidas cautelares ditadas en procesos xudiciais e expedientes disciplinarios.
- Calquera causa de forza maior debidamente acreditada a xuízo da Xunta de Escola ou comisión competente

Asemade, o estudantado con necesidades educativas especiais poderá optar por solicitar unha planificación e seguimento da súa actividade académica que estea adaptada ás súas necesidades ou solicitar a dispensa de asistencia a clase e establecer a adaptación do sistema de avaliación.

A convocatoria e o impreso de solicitude publicaranse no apartado de *Dispensa de asistencia* da sección de *Información Académica* da web da EPS de Enxeñaría: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/dispensa-asistencia>

A dispensa de asistencia concédese a todos os estudantes que cumpran os requisitos fixados no regulamento, pero debe terse en conta que as materias poden ter actividades docentes presenciais de asistencia obrigatoria para poder traballar e/ou avaliar as competencias que correspondan. Na programación docente e na resolución da concesión da dispensa indícase se é total ou parcial, indicando neste caso as actividades imprescindibles para superar a materia.

É **imprescindible** que os/as estudantes con dispensa concedida contacten co responsable da materia para aclarar a avaliación da mesma e o plan de traballo alternativo, así como que realicen un seguimento frecuente da materia mediante titorías cos encargados da docencia, aproveitando a Aula Virtual ou as ferramentas que se indiquen en cada caso.

4 Instalacións do centro e recursos materiais

As instalacións do centro organízanse nunha estrutura modular formada por varios edificios, sendo os principais: o **Edificio Central** (Edificio Administrativo), tres **pavillóns** de despachos do profesorado, laboratorios, aulas e seminarios (Pavillón 1, Pavillón 2 e Pavillón 3) e catro **aularios** onde se sitúan as aulas de maior capacidade.

No Pavillón III (Ampliación) na entrada do seu extremo esquerdo atópase a **cafetería** da Escola. Tamén existe unha máquina expendedora de bebidas no Edificio Central á disposición da comunidade universitaria.

Na páxina web do centro, na sección *O Centro > Equipamentos* <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/equipamentos>) hai unha listaxe detallada de todos os espazos do centro, cos que tamén te podes empezar a familiarizar con este [vídeo 360°](#).

Na Figura 1 podes ver cada un dos edificios da EPS de Enxeñaría xunto con algúns espazos empregados na docencia.




Figura 1. Mapa das instalacións da EPS de Enxeñaría

5 Horarios do centro

O centro permanecerá aberto, con carácter xeral, de xeito continuado **entre ás 8:30 e as 21:30 horas**, agás nos períodos de xornada extraordinaria: Nadal, Semana Santa e verán, nos que a xornada será reducida de acordo coas correspondentes Instrucións da Xerencia da USC. Os horarios de apertura do centro nestes períodos anunciaranse coa suficiente antelación.

6 Organización académica

6.1 Introducción

Na parte superior da páxina web principal da EPS de Enxeñaría existe unha sección denominada Información Académica (Figura 2) onde se pode atopar información sobre: horarios de titulacións, calendarios de exames, grupos interactivos de 1º curso, horarios de profesorado, horarios de aulas e normas de xestión académica. Esta información está dispoñible tamén nas páxinas web propias de cada unha das titulacións.

6.2 Horarios de titulacións

Os horarios da cada unha das titulacións do centro publícanse na páxina web (Intranet) do centro unha vez que son aprobados pola Xunta de Escola na ligazón:

[Horarios detallados \(en formato aberto\)](#)

Preséntanse en formato de folla de cálculo para facilitar a adaptación á situación persoal de cada estudante. É fundamental que se consulten os horarios de clase de xeito previo á formalización da matrícula para comprobar que non existen solapes entre materias de diferentes cursos.

Nos horarios de clase en formato excel identifícanse con diferentes cores as clases expositivas (de grupo único) e as clases interactivas, que poden ser de seminario, prácticas de ordenador, de laboratorio e/ou de campo, para grupos máis reducidos. No caso de que a materia teña varios grupos interactivos debes asistir sempre ao mesmo, consulta ao profesor responsable ou ao coordinador do curso sobre a composición e/ou sobre os cambios de grupo. Tamén figuran programadas as titorías en grupos reducidos (menos de 10 estudantes).

Cómpre sinalar que en moitos casos os horarios varían semanalmente para adaptarllos ás programacións docentes, polo que é importante que se consulten frecuentemente.

Tamén facilitamos os horarios en formato .ics. Estes arquivos pódense cargar nos calendarios de Outlook, gmail, etc para telos dispoñibles no móbil ou noutros dispositivos. Estes arquivos están clasificados por titulación e identificados co código da materia.

Se tes calquera dúbida sobre o emprego destes arquivos ics, podes contactar coa dirección.

6.3 Calendarios de exames

O calendario de exames de cada unha das titulacións do centro publícase na páxina web (Intranet) do centro unha vez que son aprobados pola Xunta de Escola na ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/calendarios>

Aínda que a maioría dos exames están programados para comezar ás 10h na quenda de mañá e ás 16h en quenda de tarde, é importante que revisedes as datas e os horarios, porque algunhas probas comezan ás 9h.

É fundamental que se consulte o calendario de exames de xeito previo á formalización da matrícula para comprobar que non existen solapes entre materias de diferentes cursos.

6.4 Horarios profesorado

Os horarios de titorías e de clases do profesorado pódense consultar na páxina web do centro, dentro de cada unha das titulacións e materia impartida:




Figura 2. Localización da sección de Información Académica na páxina web da EPS de Enxeñaría

7 Representación dos estudantes nos Órganos de Goberno

O estudantado conta con representación en diferentes órganos do centro, aos cales pode dirixir as súas cuestións, dúbidas e inquiredanzas. É importante que acudades ás diferentes convocatorias onde podedes ser elixidos como representantes do estudantado para que as vosas opinións e suxestións se poidan ter en conta de forma efectiva.

Os períodos de presentación de candidaturas para ser representantes nos diferentes órganos do centro publícanse na web do centro e publicítanse a traveso de outros medios (pantallas informativas, cartaces...).

A representación do estudantado do centro ten un local onde poder reunirse e realizar diferentes xestións situado no primeiro andar do pavillón central.

A composición dos órganos de goberno e decisión do centro, Xunta de Escola e comisións delegadas está dispoñible na sección *O Centro > Goberno* da web da EPS de Enxeñaría:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/goberno>

7.1 Xunta de Escola

A Xunta de Escola é o máximo órgano de decisión do centro e nas súas sesións trátanse temas de diversa índole relativos ao seu funcionamento. Entre os seus cometidos está a aprobación para cada curso académico dos horarios de clase, os calendarios de exames e de entrega e defensa de TFG/TFM, as programacións docentes das materias, etc.

A participación como representante do estudantado na Xunta de Escola leva aparellado o recoñecemento de créditos en titulacións de Grao como sucede con outras actividades recoñecibles que se poden consultar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/es/estudios/libros-reconocimientos>

7.2 Comisións delegadas do centro

As Comisións delegadas do centro están nomeadas pola Xunta de Escola e teñen asignadas tarefas específicas relativas a diversas áreas de actuación. As comisións delegadas son as seguintes

- Comisión Permanente e de Coordinación
- Comisión de Calidade
- Comisión de Docencia, Validacións e Intercambios
- Comisión de Campos de Prácticas
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Igualdade de Xénero

Outras comisións:

- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Eficiencia Enerxética

7.3 Comisións de título

Cada unha das titulacións do centro ten nomeada unha Comisión de Título que trata cuestións relativas á titulación correspondente e adopta acordos relativos a diversas cuestións de interese para o estudantado: horarios de clases, calendario de exames, asignación de títolos de TFG/TFM ou de prácticas externas, etc.

Os representantes de estudantes nos Órganos de Goberno da EPS de Enxeñaría renóvanse, cando haxa vacantes, cada curso académico mediante a convocatoria das eleccións correspondentes. Anímase ao estudantado a que participe neste proceso xa que é moi importante contar con representación suficiente nos diversos órganos onde se toman decisións de gran interese para a súa vida académica.

8 Biblioteca Intercentros

Non existe unha biblioteca propia na EPS de Enxeñaría nin, en xeral, nas Escolas e Facultades do Campus de Lugo. Este servizo está cuberto pola Biblioteca Intercentros da que se pode atopar información detallada na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/es/servicios/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-intercentros>

9 Medios de información

Existen dúas **pantallas informativas** nas instalacións da EPS de Enxeñaría onde se presenta información de interese relativa a diversos ámbitos (bolsas, emprego, xornadas, conferencias, defensa de Teses Doutorais etc.). Unha delas está situada na entrada da fachada leste do Edificio Central e a outra está situada no Pavillón III (Ampliación) na entrada do extremo esquerdo na entrada da cafetería. Ademais, repartidos polos diversos pavillóns existen tamén taboleiros de anuncios onde se coloca información de interese.

Na páxina web do centro (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria>) hai unha sección de **Actualidade** na parte central inferior onde se recolle información actualizada.

Recoméndase visitar con regularidade a páxina web do centro pois todas as novidades de interese para o estudantado publícanse na mesma.

Accedendo á Intranet da escola poderás ver as ofertas de emprego, cursos e actividades de interese, accédese desde a web principal da EPS facendo clic na ligazón da parte inferior dereita e identificándote co teu usuario e contrasinal da USC:

USC Virtual▼ Sede electrónica▼ Goberno▼ Centros Departamentos▼ Servizos Directorio Transparencia▼ Xornal

USC **Estudios** **Admisión** **Investigación** **USC Vida** GL▼ Q

Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

O centro▼ Estudos▼ Información académica▼ Calidade▼



Escola Politécnica Superior de Enxeñaría Rúa Benigno Ledo, 27002 Lugo 982823008 (Conserxaría) 982823011 sharepoint.com/sites/centro-epse @cción	A EPS de Enxeñaría, con máis de 50 anos de existencia, conta na actualidade con un cadro de persoal interdisciplinar formado por 124 docentes e investigadores. Isto fai posible a ampla oferta académica existente no Centro (5 graos, 1 dobre grao, 1 grao aberto, 5 másteres oficiais e 2 propios a	Acceso á Intranet Visita 360º á EPSE Modelo 3D do Campus Examen
--	---	---

Unha vez que accedes poderás seguir ao sitio premendo na estrela que figura na parte superior dereita da páxina.

O longo do ano académico realízanse tamén diferentes charlas informativas, coloquios, cursos, etc. que versan sobre diferentes temas de interese para a formación do alumnado. Todas estas actividades publícanse na web do centro, nas pantallas informativas, mediante cartaces,...

Animamos a todo o alumnado a participar en todas estas actividades que complementan a formación académica ofrecida nas aulas universitarias.

Polo que respecta ás redes sociais, a EPS de Enxeñaría conta con páxinas oficiais en **Facebook** e **LinkedIn** e con conta oficial de **Instagram** onde proporcionamos información de diverso tipo e débátese sobre a actualidade da Escola.

<https://www.facebook.com/EPSEnxeñaria>

<https://www.linkedin.com/company/eps-de-enxeñaría/>

https://www.instagram.com/eps_enxenaria/

Únete ou séguenos nas redes sociais!!

10 Campus Virtual

As aulas virtuais das materias xestionadas mediante o [Campus Virtual](#) son na actualidade unha ferramenta de gran utilidade para o desenvolvemento das actividades docentes das titulacións da EPS de Enxeñaría. Os profesores responsables das mesmas empregan esta ferramenta con diferentes finalidades, como poden ser: proporcionar material docente da materia; xestionar entregas de tarefas/traballos; propor e xestionar debates sobre temáticas relacionadas coa materia; resolución de dúbidas.

Representan tamén unha vía de comunicación rápida e eficaz entre os participantes na materia correspondente.

É moi importante que o estudantado comprobe que ten acceso ás aulas virtuais das súas materias ao inicio do curso académico e que de xeito continuado as consulte para estar informado en todo momento das novidades da mesma.

Tamén hai aulas virtuais de coordinación por titulación, con información xeral do título, ofertas de emprego, organización e xestión dos TFG/TFM e outra información relevante.

11 Correo institucional

Cada estudante matriculado dispón dun correo institucional da USC no que recibirá as comunicacións relacionadas coa súa actividade na universidade.

É moi importante que o estudantado comprobe que o seu correo institucional está funcionando adecuadamente e que o consulte de xeito continuado xa que pode ter comunicacións de interese relacionadas coa súa actividade na USC.

Se non coñeces as túas credenciais ou tes calquera incidencia podes dirixirte ao Centro de Atención a Usuarios (CAU) ou ao Punto de Atención, Información e Servizos (PAIS) do centro.

Tes máis información nesta ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/tecnoloxias-informacion-comunicacions/servizos/identidade/novos-usuarios>

12 Normativa de permanencia da USC

O coñecemento da Normativa de Permanencia da USC é fundamental para un correcto desenvolvemento da relación académica entre os estudantes e a USC. Establece o número máximo de créditos dos que te podes matricular en cada curso, o número de convocatorias para superar cada materia, etc... por iso é moi importante que a coñezas dende o comezo da túa estadía na universidade.

A información relativa a esta normativa pódese atopar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/alumnado>

A continuación recóllense varios aspectos relevantes da mesma.

12.1 Tipos de matrícula

*“A Universidade de Santiago de Compostela ofrecerá **dous tipos de matrícula: a tempo completo e a tempo parcial**. A modalidade de matrícula elixida deberá manterse durante todo o curso académico, como criterio xeral, pero poderá autorizarse o cambio de tempo completo a tempo parcial en casos excepcionais.”*

*“A **matrícula a tempo completo comprende un total de 60 créditos** en primeira matrícula, agás que a oferta sexa inferior. A **matrícula a tempo parcial será de 30 créditos** e regularase na convocatoria de matrícula. **Esta modalidade a tempo parcial só poderá solicitarse cando concorran circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen**. Neste senso, en atención a condicións de discapacidade, e para aqueles estudantes que por razón da súa situación persoal só poden asumir un número inferior de créditos para obter taxas de éxito razoables, poderase autorizar tamén a opción de matrícula a tempo parcial...”*

*“Excepcionalmente, nos casos de **simultaneidade de estudos [Dobres graos]**, a **matrícula a tempo completo** durante o **primeiro ano** poderá comprender **ata un máximo de 75 créditos** e nos **sucesivos anos** ata un máximo de 90 créditos”*

12.2 Réxime de permanencia

“Os estudantes que iniciaron estudos de grao a partir do curso 2012/13, incluído este, deberán superar unha materia no primeiro ano, ou 30 créditos no segundo. Se o estudante non cumpre este requisito, non poderá formalizar matrícula na mesma titulación na USC ata transcorridos cinco anos, salvo que sexa admitido para continuar estudos na USC por reunir os requisitos de traslado procedente doutra universidade.”

12.3 Réxime de convocatorias e esgotamento de convocatorias

*“Os estudantes dispoñen dun máximo de **catro convocatorias nos estudos de grado e dúas para máster, unha por curso académico**, independentemente das oportunidades de avaliación. Aos estudantes que se adapten ao grao procedentes dunha titulación non adaptada ao EEES, computaráselle as convocatorias a partir do curso no que se adapten. Na cuarta convocatoria o alumnado poderá solicitar ser cualificado por un tribunal sempre que concorrese ás tres convocatorias anteriores. A USC concede **unha quinta convocatoria** sen necesidade de cumprir ningún requisito especial, cando o alumno fai a matrícula dunha materia por quinta vez, a aplicación emite un aviso de que é unha convocatoria extra.*

*Segundo o [Acordo do Consello de Goberno do 10 de marzo do 2016](#), o alumnado que teña esgotadas as convocatorias, sempre que lle resten como máximo 18 ECTS sen contar o TFG ou TFM e as prácticas obrigatorias ou o practicum, poderá solicitar **unha única convocatoria extraordinaria**.*

“A cualificación dunha convocatoria en que o alumno non se presenta ou non supera os obxectivos establecidos será de suspenso, salvo que o estudante non realice ningunha actividade académica avaliable conforme ao establecido na programación ou guía docente, caso en que constará como non presentado/a.”

“A mención “Non Presentado” computa como convocatoria esgotada. Non computará como convocatoria esgotada cando o alumno solicitara a renuncia dentro do prazo correspondente. O feito de renunciar a unha materia non afecta á norma de permanencia, polo tanto non modifica que o alumno de 1º debe superar cando menos unha materia e en caso de suspender todas as materias en 1º debe matricularse e superar polo menos 30 créditos en segundo para poder continuar na mesma titulación da USC.

*“Non obstante o anterior, **admitirase unha renuncia sen causa por cada materia.** Ademais, se nalgunha das convocatorias se acredita a existencia dun suposto de forza maior ou situación excepcional que impida a realización das actividades programadas, poderá solicitarse a anulación da convocatoria en que concorra o feito que impedisese a súa realización. A anulación deberá ser concedida ou denegada de forma motivada polo reitor, que poderá solicitar os informes que considere oportunos.*

12.4 Matrícula

“Os alumnos que continúan estudos con materias suspensas de cursos anteriores *deberán matricularse de todas as materias pendentes dos cursos anteriores, e non poderán formalizar a matrícula por un número superior a 75 créditos [Dobres graos: 90 créditos].* Se un alumno ten suspensos ou non superados 75 ou máis créditos dun curso anterior, non poderá matricularse de novas materias. Así mesmo, poderá establecerse o tránsito de tempo completo a tempo parcial en función da súa taxa de éxito. A matrícula inferior a 30 ECTS considerárase a tempo parcial.” Os alumnos solicitantes de bolsa deben ter en conta que hai un mínimo de créditos a matricular para ter dereito á bolsa (60 ECTS para bolsa completa e 30 ECTS para bolsa parcial) as materias recoñecidas doutras titulacións non se teñen en conta para este cómputo.

“O alumnado con matrícula a tempo parcial, no caso de superar os 30 créditos matriculados de primeiro curso, deberá matricularse de todos ou parte dos outros 30 ECTS restantes tamén de primeiro curso, podendo ademais coller créditos de segundo curso ata o límite permitido na convocatoria de matrícula. En todo caso deberá matricularse das materias suspensas ou non superadas nas que estivo matriculado anteriormente. Igualmente deberá matricularse obrigatoriamente das materias de cursos inferiores aínda que nunca estivera matriculado previamente.

“A obriga de matricularse de materias suspensas non se aplicará ás materias optativas, xa que o alumno ten a opción de cambiar a optatividade dun curso para outro”

“Os estudantes poderán matricularse en materias do último curso sempre que formalicen a matrícula na totalidade das materias pendentes de cursos anteriores ata un máximo de 75 créditos [Dobres graos: 90 créditos]. Tamén poderán matricularse do TFG ou TFM, cando lle resten para concluír os estudos 75 créditos [Dobres graos: 90 créditos] ou menos, sen contar os créditos dos citados traballos.”

13 Normativa de avaliación da USC

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da USC pódese atopar na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110721/AnuncioG2018-190711-4180_gl.html. É moi importante que coñezas esta normativa para ter información sobre como se debe desenvolver o procedemento de avaliación das materias. A continuación resúmense os puntos que se consideran máis relevantes para o estudantado.

13.1 Criterios de avaliación (Art. 3)

“Os estudantes serán avaliados unicamente de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia ou guía docente”.

É importante que revisedes as guías docentes de cada materia ao principio do semestre e vos informedes dos criterios de avaliación de cada un dos docentes.

As Programacións docentes de cada materia están dispoñibles na web do centro na sección de Estudos.

13.2 Procedemento de avaliación (Art. 6)

“En calquera momento das probas de avaliación, o profesorado poderá requirir a identificación dos estudantes asistentes, que deberán acreditala mediante a exhibición do seu carné de estudante, documento nacional de identidade, pasaporte ou, na súa falta, acreditación suficiente a xuízo do avaliador.”

13.3 Comunicación de resultados da avaliación (Art. 7)

“Os estudantes teñen dereito a coñecer os resultados das probas parciais e finais que realicen, segundo o sistema de avaliación previamente establecido, nun prazo razoable que, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas ante a dirección do centro, será inferior a 15 días naturais desde a data de realización da proba. Tales resultados deben coñecerse con suficiente antelación, e nunca con menos de tres días antes da realización dunha nova proba ou convocatoria de recuperación.”

13.4 Revisión de cualificacións (Art. 8)

“O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.”

13.5 Reclamación das cualificacións (Art. 9)

“Contra a cualificación outorgada polo profesorado encargado da materia ou polo tribunal nomeado para o efecto, o alumnado poderá interpoñer reclamación motivada dirixida ao decano ou director do centro a que estea vinculada a titulación, no prazo de 10 días hábiles desde que se produciu a revisión. Para poder exercer este dereito é necesario que o alumno acudise previamente ao proceso de revisión do exame. A presentación de queixas ou consultas non paraliza este prazo.”

13.6 Realización fraudulenta de exercicios ou probas (Art. 16)

“A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba esixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarase fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes.”

14 Apoio Titorial Extraordinario

A normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e a revisión das cualificacións aprobada pola Xunta de Goberno da USC, na súa sesión do 15 de novembro de 2001, desenvolve o artigo 115 dos Estatutos da USC e establece a posibilidade de que o estudantado, en determinadas circunstancias, poida solicitar un **Apoio Titorial Extraordinario** destinado a axudar os estudantes cara á superación daquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

Poderán solicitar este apoio os estudantes que teñan pendentes de superación para o remate dos estudos do título un **máximo de 18 créditos ou 3 materias** (exclúese do cómputo o traballo fin de grao ou fin de máster, as prácticas, as prácticas tuteladas e o *practicum*), e que esgotasen polo menos dúas convocatorias en cada unha delas.

Este apoio, que corresponde realizalo ao profesor tutor, debería proporcionarlle a cada alumno as pautas necesarias para a evolución na súa aprendizaxe e elementos suficientes para avaliar a súa progresión, mantendo en todo caso as garantías e transparencia necesarias. Poderá acollerse ao apoio titorial extraordinario o estudantado que reúna os requisitos establecidos e indicados con anterioridade. Pódese atopar información detallada sobre o procedemento na seguinte ligazón (**punto 35 da convocatoria de matrícula**):

[Convocatoria matrícula 2025-26.pdf asinado.pdf](#)

15 Programas de intercambio

A EPS de Enxeñaría conta cun elevado número de convenios de intercambio tanto nacionais (Programa SICUE) como internacionais (Programa ERASMUS, Convenios Bilaterais, etc.). Toda a información detallada relativa aos diferentes programas dispoñibles pódese consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes>. A mobilidade do estudantado está regulada mediante o [Regulamento de intercambios interuniversitarios](#) que se pode consultar na sección de Normativa de Intercambios do Portal Internacional.

Anímase a todo o estudantado a participar nunha experiencia de intercambio xa que ten múltiples efectos positivos sobre o desenvolvemento persoal e profesional do e da estudante. Anualmente publícanse diversas convocatorias coas prazas dispoñibles nos diferentes programas de intercambio. Os intercambios poden realizarse con Universidades europeas, españolas e de países extracomunitarios. Estes programas son accesibles a partires do segundo ano de estudos. Recoméndanse interesarse polas distintas convocatorias un ano antes do curso académico no que se quere realizar o intercambio xa que os prazos de solicitude adoitan publicarse con un curso de antelación. Tamén son de gran interese as prácticas profesionais ao abeiro do programa Erasmus Prácticas coas que poderedes realizar prácticas externas en empresas europeas.

Para os intercambios adoita ser necesario posuír un nivel B1 na lingua estranxeira requirida pola universidade. Este nivel pódese obter no Centro de Linguas Modernas: <https://www.usc.gal/gl/centro/centro-linguas-modernas> que organiza cursos de diferentes idiomas así como exames de nivel para obter a certificación dun idioma do que xa se teñen coñecementos. Con todo, convén comezar a preparalo a partires do primeiro curso co fin de estar en condicións de acceder ao intercambio en segundo ou terceiro curso do Grao.

Toda a información relativa aos programas de intercambio da EPS de Enxeñaría pódese consultar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/mobilidade>

Responsable Académico de Mobilidade (RAM)

Emilio Carral Vilariño (Tel: 9828 23014; eps.orientacion@usc.es)

Máis información

Xestora Académica

Noelia Alonso Suárez (Tel: 9828 23033; epse.uxcd@usc.gal)

16 Prácticas externas

Nas diferentes titulacións de Grao da EPS de Enxeñaría existe unha materia denominada **Prácticas Externas**.

Estas poden ser optativas (6 créditos) nos Graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Grao en Enxeñaría Civil, Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Enxeñaría Forestal,

ou obrigatorias (12 créditos) no Grao de Robótica. Os/as estudantes poden realizar as prácticas en empresas, administracións, grupos de investigación con vinculación á EPS de Enxeñaría, etc.

Toda a información relacionada con este tema pódese consultar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/practicas>

Responsable de prácticas externas

Subdirector de Prácticas Externas

Emilio Carral Vilariño (Tel: 9828 23014; eps.orientacion@usc.es)

17 Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM)

O Traballo Fin de Grao (TFG) e o Traballo Fin de Máster (TFM) constitúen respectivamente a última materia que deben de superar os/as estudantes de cara a consecución do seu correspondente título. Cada titulación do centro conta con normativa propia de TFG/TFM que xunto coa programación docente oficial da materia regulan as diferentes fases do proceso: presentación e aceptación de propostas de TFG/TFM, asignación de titores, desenvolvemento e seguimento dos traballos, presentación e defensa do TFG/TFM, criterios de avaliación.

Pódense consultar as normativas e outras cuestións relevantes na páxina web do centro na seccións dedicadas a esta temática:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/tfg>

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/tfm>

18 O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EPS de Enxeñaría

O [Sistema de Garantía de Calidade \(SGC\) da EPS de Enxeñaría](#) está deseñado para recoller información sobre a calidade da ensinanza nas distintas titulacións do centro. Inspírase na continua avaliación do desenvolvemento dos programas formativos para mellorar a súa aplicación e polo tanto os resultados que o estudantado acada. Neste proceso de recollida de información, a participación de todos os membros da comunidade universitaria é básica polo que periodicamente estudantado, profesorado e persoal administrativo son requiridos para contestar a enquisas sobre a súa satisfacción co desenvolvemento dos programas formativos. Esta información, logo de seren analizada, derivase en Plans de Mellora que son publicados na páxina web do centro así como os informes anuais correspondentes. Animamos á participación activa nas enquisas e outros procedementos de obtención de información, así como á participación nos órganos de decisión do centro para que todas as opinións podan ser tidas en conta.

Toda a información relativa ao SGC da EPS de Enxeñaría pódese consultar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/calidade>

19 Suxestións, queixas e reclamacións

Agradécese que calquera cuestión relacionada co desenvolvemento da docencia das diferentes titulacións ou co funcionamento do centro en xeral que sexa susceptible de mellora sexa comunicada ou ben ao coordinador da titulación correspondente ou ben directamente aos membros da equipa directiva.

Para xestionar de un xeito máis eficaz as suxestións ou queixas pódese ao alumnado que estas se tramiten, preferentemente, a través do Subdirector de Prácticas Externas (Emilio Carral: eps.orientacion@usc.es) ou da secretaria de dirección (eps.secretaria.direccion@usc.es)

Ademais, a USC dispón dunha [Oficina de Análise de Reclamacións](#) que ten encomendada a función de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudiantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. Tamén ofrece á comunidade universitaria un sistema aberto ás opinións e suxestións en orde a mellorar a xestión académica e, por extensión, o servizo público que se presta na USC.

Compételle a tramitación e proposta de resolución dos recursos que teñen que ver cos procedementos de xestión académica tramitados nas distintas unidades administrativas da USC dos que se sinalan: validacións de estudos estranxeiros, recoñecementos de estudos, anulacións e modificacións de matrícula, admisións, simultaneidades, subvencións e exencións de prezos, apoio titorial extraordinario, [revisión de cualificacións](#) e recoñecemento de estudos cursados en programas nacionais ou internacionais.

20 Actividades deportivas e culturais

Non todo vai a ser estudar!!!

A USC dispón de unidades específicas que ofrecen diversos servizos á comunidade universitaria (<https://www.usc.gal/gl/usc/servizos>). Entre eles existen unidades dedicadas a actividades deportivas e culturais que poden ser de gran interese para o estudiantado.

Pódese atopar información relativa a estas cuestións nas seguintes ligazóns.

Área de Cultura: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura>

Servizo de Deportes: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte>

21 Localización de espazos

DENOMINACIÓN	EDIFICIO	PLANTA	TIPO ESPAZO
Adega (Aulario 1)	Aulario 1	Soto	Laboratorio
Aula 1 (Aulario 1)	Aulario 1	Baixa	Aula
Aula 2 (Aulario 1)	Aulario 1	Baixa	Aula
Aula 3 (Aulario 1)	Aulario 1	Baixa	Aula
Aula 4 (Aulario 1)	Aulario 1	Baixa	Aula
Aula 5 (Aulario 2)	Aulario 2	Baixa	Aula
Aula 6 (Aulario 2)	Aulario 2	Baixa	Aula
Aula 7 (Aulario 2)	Aulario 2	Baixa	Aula
Aula 8 (Aulario 2)	Aulario 2	Baixa	Aula
Aula 9 (Aulario 3)	Aulario 3	Baixa	Aula
Aula 10 (Aulario 3)	Aulario 3	Baixa	Aula
Aula 11 (Aulario 3)	Aulario 3	Baixa	Aula
Aula 12 (Aulario 3)	Aulario 3	Baixa	Aula
Aula 13 (Aulario 4)	Aulario 4	Baixa	Aula
Aula 14 (Aulario 4)	Aulario 4	Baixa	Aula
Aula 18 (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Superior	Aula
Aula 19 (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Superior	Aula
Aula 20 (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Superior	Aula
Aula de informática 1 (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Aula de Informática
Aula de informática 2 (Pav. II)	Pavillón II	Segunda Inferior	Aula de Informática
Aula de informática 3 (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Aula de Informática
Aula de informática 4 (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Aula de Informática
Aula de informática 5 (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Aula de Informática
Aula de informática 6 (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Superior	Aula de Informática
Aula de informática 7 (Aulario 4)	Aulario 4	Soto	Aula de Informática
Aula de Mecanización (Pav.III-Soto)	Pavillón III	Soto	Aula
Aula de Productos Lácteos	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Aula Expresión Gráfica 1 (Aulario 4)	Aulario 4	Baixa	Aula Exp. Gráfica
Aula PEMADE (Pav. II)	Pavillón 2	Soto	Aula
Aula TIC	Pavillón Central	Baixa	Aula de Informática
Campo	Exteriores	Consultar docente	Outras actividades
Finca de Prácticas	Exteriores	Consultar docente	Outras actividades
Gaiola de drons	Exteriores	Baixa	Outras actividades
Invernadoiros	Exteriores	Consultar docente	Outras actividades
Lab. 13 (FAC. CIENCIAS)	Fac. de Ciencias	Consultar no centro	Outros centros
Lab. 14 (FAC. CIENCIAS)	Fac. de Ciencias	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Automatización (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Inferior	Laboratorio
Lab. de Bioloxía Vexetal (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Bioquímica (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros

DENOMINACIÓN	EDIFICIO	PLANTA	TIPO ESPAZO
Lab. de Botánica (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Lab. de Botánica Forestal e Silvicultura (Pav. I)	Pavillón I	Baixa Inferior	Laboratorio
Lab. de Cultivos Herbáceos (Pav. I)	Pavillón I	Baixa Superior	Laboratorio
Lab. de Dasometría (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Superior	Laboratorio
Lab. de Edafoloxía e Ecoloxía (Pav. I)	Pavillón I	Primeira Inferior	Laboratorio
Lab. de Electrotecnia (Pav. II)	Pavillón II	Segunda Superior	Laboratorio
Lab. de Física I (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Inferior	Laboratorio
Lab. de Física II (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Inferior	Laboratorio
Lab. de Fitotecnia e Arboricultura (Pav. I)	Pavillón I	Primeira Superior	Laboratorio
Lab. de Hidroloxía (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Inferior	Laboratorio
Lab. de Instrumentación (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Lab. de Mecanización (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Inferior	Laboratorio
Lab. de Microbioloxía (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Micropropagación (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Lab. de Procesado de Alimentos (FAC. CIENCIAS)	Fac. de Ciencias	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Robótica I	Pavillón II	Soto	Laboratorio
Lab. de Robótica II	Aulario 4	Primeira	Laboratorio
Lab. de Silvopascicultura e Produtos non Madereiros (Pav. I)	Pavillón I	Baixa Inferior	Laboratorio
Lab. de Tecnoloxía de Alimentos (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Termoternia (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Superior	Laboratorio
Lab. de Xenética (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Xeoloxía (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Lab. de Xeoloxía e Edafoloxía (Pav. I)	Pavillón I	Soto	Laboratorio
Lab. de Zooloxía (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. de Zootecnia (FAC. VETERINARIA)	Veterinaria	Consultar no centro	Outros centros
Lab. Usos Múltiples A (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Lab. Usos Múltiples B (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Laboratorio
Nave de Construción (Pav.III-Soto)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Industrias Agrarias (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Industrias Forestais (Pav.III-Soto)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Hidráulica e Hidroloxía (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Materiais e Construción (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Mecanización Agrícola e Forestal (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Tecnoloxía Mecánica (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Nave de Vialidade (Pav. III)	Pavillón III	Soto	Nave
Sala de Persoal (Pav.Central)	Pavillón Central	Primeira	Actividades varias
Sala de Xuntas (Pav.Central)	Pavillón Central	Primeira	Actividades varias
Salón de Actos (Pav.III)	Pavillón III	Baixa	Actividades varias
Seminario de Construción (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Superior	Seminario
Seminario de Cultivos Herbáceos I (Pav. I)	Pavillón I	Baixa Superior	Seminario

DENOMINACIÓN	EDIFICIO	PLANTA	TIPO ESPAZO
Seminario de Cultivos Herbáceos II (Pav. I)	Pavillón I	Baixa Superior	Seminario
Seminario de Física (Pav. II)	Pavillón II	Primeira Inferior	Seminario
Seminario de Fitotecnia (Pav. I)	Pavillón I	Primeira Superior	Seminario
Seminario de Mecanización (Pav. II)	Pavillón II	Baixa Inferior	Seminario
Seminario do Territorio (Pav. II)	Pavillón II	Segunda Inferior	Seminario
Seminario I (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Seminario
Seminario II (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Seminario
Seminario III (Pav. III)	Pavillón III	Baixa	Seminario
Viaxe	Exteriores	Consultar docente	Outras actividades
Xardíns da EPSE	Exteriores	Consultar docente	Outras actividades

**Imaxina,
investiga,
descubre ...
ENXEÑA**